

POLÍTICA PROTECCIÓN DE DATOS – BICIARTEIXO

De acordo coa normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle do tratamento de datos persoais que realizamos dos nosos usuarios na presente plataforma.

1.- Responsable de tratamento dos datos

CONCELLO DE ARTEIXO

PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO, Nº 1 - 15142 ARTEIXO (A CORUÑA)

secretaria@arteixo.org.

2. DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE ARTEIXO é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, SL co que poderá contactar en secretaria@arteixo.org.

3. Finalidade do tratamento, lexitimación e prazo de conservación.

CONCELLO DE ARTEIXO poderá tratar os seus datos de carácter persoal de acordo coas seguintes finalidades:

SERVIZO DE ATENCIÓN Ó USUARIO A TRAVÉS DEL FORMULARIO DE CONTACTO E/OU ENVÍO DE CORREOS ELECTRÓNICOS

Finalidade de tratamento: trataremos os datos estritamente necesarios para xestionar a súa petición.

Lexitimación: existe un interese lexítimo por ambas partes para a resolución de solicitudes ou consultas. En caso de reclamacións ou queixas relacionadas cos servizos prestados polo Concello na presente plataforma, a lexitimación é o cumprimento de obrigacións legais pola nosa banda.

Por último, no caso de que o contacto estea relacionado co servizo adquirido a través da plataforma, o tratamento será necesario para a execución do contrato de compravenda.

Prazo de conservación: o tempo necesario para dar resposta á súa solicitude e en calquera caso, ata que transcorra o prazo de prescripción de posibles accións de responsabilidade derivadas do tratamento.

REXISTRO DE USUARIO

Finalidade de tratamento: Xestionar o seu rexistro de usuario e identificarlle como “usuario rexistrado” de forma que poida navegar pola plataforma co seu usuario rexistrado.

O feito de non facilitar certa información sinalada como obrigatoria, pode conlevar que non sexa posible xestionar o seu rexistro como usuario ou o uso de determinadas funcionalidades ou servizos dispoñibles a través da Plataforma.

O usuario (vostede) pola presente, garante que os datos persoais proporcionados son certos e exactos e comprométese a notificar calquera cambio ou modificación dos mesmos. No caso de que nos achegue datos persoais de terceiros, vostede responsabilízase de informar e obter o consentimento destes para ser achegados coas finalidades indicadas nos apartados correspondentes da presente Política de Privacidade e Cookies.

Calquera perda ou dano causado á Plataforma, aos Responsables do Tratamento ou a calquera terceiro mediante a comunicación de información errónea, inexacta ou incompleta nos formularios de rexistro será responsabilidade exclusiva do usuario.

Poderá darse de baixa como usuario do servizo, seguindo as instrucións descritas nos termos e condicións de uso.

Lexitimación: A lexitimación é o seu consentimento.

Prazo de conservación: Mentres non se solicite a supresión dos seus datos de usuario e en calquera caso, ata que transcorra o prazo de prescrición de posibles accións de responsabilidade derivadas do tratamento.

PARA CUMPRIR CO CONTRATO DE COMPRAVENTA DE SERVICIO

Finalidade de tratamento: prestar o servizo ou xestionar a compra realizada a través da plataforma.

Xestionar o pago do servizo.

No caso de que decida gardar os datos de tarxeta para futuros pagos, necesitaremos tratar os datos para activar esta funcionalidade e autocompletar os seus datos en compras posteriores. Poderá modificar ou eliminar as súas tarxetas en calquera momento a través do apartado correspondente da información de pago.

Lexitimación: O tratamento dos datos está lexitimado polo interese lexitimo que supón o propio contrato de compra.

Para almacenar os datos de tarxetas para futuras compras, a lexitimación é o seu consentimento.

Consideramos que temos un interese lexitimo para detectar e previr posibles fraudes ao usar a plataforma e ao realizar pagos.

Prazo de conservación: durante o tempo necesario para xestionar o pago, incluíndo posibles devolucións, queixas ou reclamacións asociadas ao pago do servizo.

Conservaremos ademais, os datos estritamente necesarios para cumprir coas obrigacións administrativas derivadas do pago do servizo.

En caso de almacenar os datos da súa tarxeta para futuros pagos, eses datos almacenaranse ata o momento en que vostede decida eliminalos.

4. Destinatarios de cesións

Non cederemos os seus datos a terceiros, salvo para dar cumprimento a unha obrigación legal.

5. Política de cookies

Para revisar o tratamento de datos relativo ás cookies, pode consultar a nosa política de cookies, dispoñible nesta mesma plataforma.

Poderá configurar as súas preferencias respecto ao uso de cookies no propio aviso de configuración de cookies.

6. Dereitos

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos:

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento.
- Dereito á portabilidade dos datos.
- Dereito á retirada do seu consentimento. Pode enviar a súa solicitude a través da conta de correo electrónico: secretaria@arteixo.org.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

7. Medidas de seguridade

CONCELLO DE ARTEIXO ten implantadas as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos seus datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, a perda e o tratamento e/ou o acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos provintes da acción humana ou do medio físico e natural a que están expostas.